

NOTA

A modo de diario, desde unha perspectiva vivencial, sen ningún tipo de aspiración pretenciosa, abordo os temas que máis me preocupan.

O concepto de identidade, a poesía e a ética son os tres eixos sobre os que xiran estes textos, con distintas manifestacións dentro de cada unha das materias.

No que atinxe á identidade, reflexiono sobre a galeguidade e a noción de nacionalismo desde un punto de vista ontolóxico, baseándome nas propias experiencias.

Da ética, trato cuestións relacionadas coa educación na violencia, no culto ó feo e na inmediatez, alicerces que fomentan a deturpación da paisaxe, a concepción do amor en parella ou polos nosos maiores, abandonados como electrodomésticos inservibles.

Asemade reflexiono sobre a acaparación de ideas nobres (o ben e o mal, o xusto e o inxusto, o lícito ou o prohibido) pola relixión e polos gobernos de calquera signo.

Por último, a poesía, representación total da ética e da dignidade. Unha forma de coñecemento profundo. Como dixo Pessoa: *comprender sentindo muito*.

EU? ABORIXE GALEGA

Somos estraños no propio país. Non é unha apreciación melancólica ou reflexionada desde o encono, senón froito da máis aséptica obxectividade. Donos e señores da fala, un feito social valioso, conservado e transmitido xeración tras xeración polos nosos devanceiros, escoitei no bus a dous rapaces presumindo de ter suspendido a asignatura de galego. Tal era a súa satisfacción, que non contentos con que semellante logro ficase tan só entre eles, comezaron a *watsapearse* con outros colegas para ver quen fora o que peor nota sacara. Temía eu que en calquera intre saíse na conversa unha das súas máis queridas *coletillas*, un “nenos” co “e” ben aberto, cando tiven a sorte de que aqueles dous se apearon. Dabondo se ten analizado o “autonoxo”; non pretendo volver sobre un concepto xa delimitado. Simplemente quixera dar conta da miña experiencia como aborixe galega.

Si, porque eu síntome aborixe. Non me atrevo a facer comparacións con outras tribos pero desde logo coído que a estas alturas vai sendo hora de asumir a condición: dito e feito, son aborixe galega. Non vaian crer que o digo con auto-compracencia ou vitimismo, actitudes que me amolan; síntome así e nin sequera fun eu quen se intitulou. Os mapuches nunca se consideraron a si mesmos aborixes, foron outros quen así os cualificaron; eles vivían de acordo ós seus costumes até que viñeron outros dar conta das súas “rarezas”. Ás veces teño pensado que a causa desta percepción poida estar na ledicia eufórica coa que unha boa parte dos galegos asume a cultura española, incluso a americana; o seu esforzo esaxerado por demostrar que son “así” de nacemento, fainos parecer ós aborixes unha tribo de raros, fainos destacar sen pretendelo.

Recórdame o esforzo dalgunhas persoas por aparentar que as operacións de cirurxía estética parezan naturais,

cando natural era o que tiñan antes de pasar polo quirófano. Ou o empeño por disimular os acentos que non son neutrais, existindo escolas para tal cousa... Onde está o problema na heteroxenia idiomática, nos acentos, nos corpos con diferentes características? Que ten de malo envellecer? O establecemento do canon de beleza en seres con aspecto de bonecos, como saídos dunha fábrica de roupa, é outra mostra da tendencia morbosa que unha parte da humanidade ten polo homoxéneo. Non hai máis que reparar na fantástica semellanza entre as actrices de Hollywood ou nos personaxes do “mundo do corazón”: mulleres convertidas en estraños seres que falan con dificultade pola cantidade de substancias que lle inxectaron nos beizos. Todas teñen un aire familiar a base de levar idéntico tinte no cabelo, vestir de maneira parecida e acudir aos mesmos cirurxiáns. Se por riba amosan nas redes sociais as fotografías das súas vacacións, ubicadas no mesmo lugar de moda, abofé que parecen as protagonistas dunha película de terror onde as persoas teñen a mesma cara e características. A anguria do cadro *O berro* de Munch, podería asentarse na conciencia de que se aproxima un mundo así. Séntense máis seguros entre o uniforme, onde resulta máis sinxelo coñecer de antemán o que vai acontecer, pois o estereotipo tende a ser predicible.

O previsible pode chegar a ser un defecto, un elemento de desgaste na vida cotiá pero tamén se artella como unha eficaz arma de control. Por tal motivo, un dos principais obxectivos das ideoloxías radicais é erradicar a diverxencia. Entre un rabaño de ovelliñas brancas, que fácil é apuntar á negra! Con todo, a natureza tende ao heterodoxo: Tal é así que se demostrou cientificamente que os animais colonizados son máis fáciles de colonizar por virus e bacterias. Conquistado un organismo quedan abertas as portas para entrar no resto, pois previsiblemente serán idénticos ao anterior conquistado. Esa parece que foi unha das causas pola que os seres máis evolucionados se reproducen a tra-

vés do sexo, para fomentar o intercambio do ADN e por ende a súa heteroxenia protectora.

Se a sabia natureza opta pola mestura e a renovación, por que unha parte da humanidade se empeña en levar uniformado o cerebro? Nunha entrevista radiofónica o “diglósico” xornalista preguntoulle a un director de cinema por que fixera en galego, un filme para un festival italiano patrocinado pola Unión Europea, dando por feito que o razoable sería ter feito a película en español... Se a premisa da que parte o entrevistador é a da suposta “lóxica”, a película debera rodarse en italiano. Obvia ademais que o galego é unha lingua máis próxima ao italiano có castelán, ou polo menos igual de semellante desde criterios lingüísticos. Pero a resposta do director foi máis profunda, limitándose a contestar que o intercambio, a convivencia cultural entre propostas artísticas de diferentes procedencias –entre as que a lingua é unha importante manifestación– é o que lle dá sentido e explica a Unión Europea. No “Festival de cine de San Sebastián” do ano 2018 resultou conmovedor e fermoso escoitar ás directoras, actrices, membros do xurado, falando en euskera, en francés, en inglés, en xaponés, en español... Parecía unha sinfonía dedicada á cultura e ó amor pola arte. As novas tecnoloxías ofrecen métodos para a comprensión e o resultado foi un espectáculo de gran beleza e altura intelectual. O contrario sería centrar a esencia europeísta en cuestións meramente económicas que, en xeral, afectan a bancos e grandes empresas que soen establecerse fóra dos marcos europeos, case sempre en paraísos fiscais máis exóticos. No *Diccionario do Diaño* de Ambrose Bierce defínese o termo acedor: *membro dunha tribo de salvaxes que viven máis alá do estreito das Finanzas; son moi temidos polas súas devastadoras incursións*. Neste peculiar diccionario queda claro que os salvaxes non somos os aborixes senón os que máis se esforzan en aparentar non selo.

Son eses xigantes económicos os que teñen especial interese no homoxéneo: unha lingua dominante na que vender as súas mercadorías; unha moda estándar que guste a calquera, con independencia da climatoloxía ou costumes (véxase a ridiculez de andar en pleno inverno galego de chuvia e vento, sen calcetíns); unha comida única á marxe dos produtos propios de cada rexión e que incrementa os gastos de transporte, conservación... Un disparate ecolóxico; uns canons de beleza idénticos, aniquilando os fenotipos, cor de pel e de cabelo, a base de cirurxía, tintes e lentes de contacto coloreadas. O capitalismo non ten patria.

Unha grimosa humanidade clonada, de inspiración americana ou, máis ben, de cirurxiáns americanos, que nada ten que ver coa esencia cultural europea, nacida do convencemento de que, para sobrevivir e ben vivir, cómpre respetarse mutuamente desde a diferenza, tomada esta como fonte de riqueza e non de conflito.

ÍNDICE

Nota	9
Eu? Aborixe galega	11
Caníbal <i>Country</i>	15
Ser ou non ser	19
Os valores teñen balor?.....	30
Diario dunha nena aborixe.....	37
Revoluciónate na túa lingua	40
Quen é o Rei en Galicia?	44
Galicia é diferente	48
Diario dunha aborixe adolescente	53
Economía aborixe.....	56
Campamento de verán dunha aborixe.....	67
Diario dunha avogada aborixe	73
Sobran vellos aborixes	77
Diario dunha muller aborixe	80
Código deontolóxico para aspirante a aborixe	86
Esquerda caviar	91
Diario dunha poeta aborixe.....	98
A relixión dos aborixes	111
Impostos aos aborixes.....	117
As leis fundamentais da estupidez humana.....	123
Aborixe procura abeiro: S.O.S. para o Planeta.....	129
Zooloxía literaria	143